

José Lage Lis con “Zum”, campión da proba de Caza San Huberto organizada polo Club Amigos dos Cans de Caza, puntuable para a Copa Federación da modalidade.

José Lage Lis, co can “Zum”, impúxose no campionato de Caza San Huberto organizado polo club Amigos dos Cans de Caza, puntuable para a Copa Federación da modalidade, celebrado o pasado 5 de agosto nos terreos da sociedade de cazadores Urogallo de Ferrol.

Participaron na competición 19 deportistas.

Actuaron de xuíces os árbitros da FGC José Lugris Calvo, Manuel Rebordelo Maira e José María Álvarez Villar.

Conforme establece a normativa da Copa Federación de San Huberto, a clasificación quedou do seguinte xeito:

| CLASIFICACIÓN | CONCURSANTE | NOME CAN | TOTAL PUNTOS |
|---------------|--------------------------|----------|--------------|
| 1º | José Lage Lis | Zum | 18 |
| 2º | Pedro Rodríguez Sanjurjo | Arri | 15 |
| 3º | Jorge Martín Sánchez | Tris | 12 |
| 4º | Eloy Rodríguez Martínez | Piti | 9 |
| 5º | Eliseo Faraldo Fernández | Arión | 6 |
| 6º | José Francisco Pereira | Yuc | 3 |